

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte de outubro do ano dous mil dezaseis, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Plácido Álvarez Dobaño, don Juan Anta Rodríguez, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.^a Villarino Pardo e don Pablo Pérez Pérez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 2º, don Jorge Pumar Tesouro, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2016.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día sete de outubro de dous mil dezaseis, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, coa seguinte observación:

- Unha vez advertido erro material consistente na elisión, na relación de persoas asistentes á sesión, da deputada provincial dona Ana M.^a Villarino Pardo, corríxese este, facendo constar na referida acta a asistencia da citada deputada provincial.

2.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2016.- Unha vez finalizado o prazo de alegacións á resolución provisional de data 1 de setembro de 2016, do concurso público para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2016, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 12 de febreiro de 2016 e publicadas no BOP n.º 39, do 18 de febreiro de 2016), e vista a

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

proposta de resolución formulada pola Comisión de Valoración con data 13 de outubro de 2016, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Desestimar a alegación presentada pola Sociedade Cultural, Deportiva e Xuvenil Fontefría, fronte á proposta provisional de resolución formulada no trámite de audiencia polos motivos que se recollen na parte expositiva da acta que se incorpora como anexo a este acordo, ao abeiro do disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2º) Aceptar as renuncias presentadas ás solicitudes de subvención que se indican:

- Club Olimpo's, CIF G32332561, para o proxecto "*I Torneo Internacional Manuel Míguez*"
- Escudería Luíntra, CIF G32414146, para o proxecto "*5º Rallye Ourense Ribeira Sacra 2016*"
- Delegación Provincial da Federación Galega de Balonmán, CIF G36390832, para o proxecto "*Campionato Galego Master 7 Categoría Veteráns*".
- Asociación Galega Ciclismo no Ribeiro, CIF G70073473, para o proxecto "*40ª Edición da Volta Ciclista ao Ribeiro*".
- Running Sport Trail, CIF G32413023, para o proxecto "*6ª Chandrexo Trail (Copa Galega FGM-Trail, Minitrail e Andaina)*".

3º) Aceptar a renuncia presentada polo Club de Piragüismo Fluvial Avión, con data 7 de outubro de 2016, á subvención proposta provisionalmente pola Comisión de Valoración, para a celebración da "*Regata de Piragüismo de Avión*", por importe de 590,16 €.

4º) Excluir da valoración os seguintes proxectos, polos motivos que se indican:

SOLICITANTE	ACTIVIDADE SOLICITADA	MOTIVO EXCLUSIÓN OU NON VALORACIÓN
Asociación Mo-vete Galicia	I Andaina Mo-vete Galicia	NON CELEBRARSE NAS DATAS INDICADAS NO PROXECTO
Asoc.Dep.Cult. Fomento Dep. Inercia Ribeiro	Baixadas de carrilanas	NON TEN ENCAIXE NO OBXECTO DA CONVOCATORIA (Base primeira)
Asociación Mo-vete Galicia	I Aerobithon Mo-vete Galicia	NON CELEBRARSE NAS DATAS INDICADAS NO PROXECTO
Sociedade Deportiva Cultural Arrabaldo	V Campus Tempo Libre e Fútbol	NON SE TRATA DE EVENTO. (Base 1ª-3-d)
Fundación Cipri Gomes	II Trofeo Internacional Karate	NON CONSTA CELEBRACIÓN NOS

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

	Cidade Ourense	TERMOS INDICADOS NO PROXECTO
Black Kick Competición	III Trofeo de Kickboxing Cidade Termal	NON CONSTA CELEBRACIÓN NOS TERMOS INDICADOS NO PROXECTO
Club Miguez Team	Gala Benéfica en favor de PROGAPE	NON CONSTA CELEBRACIÓN NOS TERMOS INDICADOS NO PROXECTO
Asociación Rebule Arnoia	Programa Camiña pola túa Saúde	TRÁTASE DE PROGRAMA. NON EVENTO
Escudería de clásicos de Ourense	XXII Rally de Ourense de clásicos y antigos	NON TEN ENCAIXE NO OBXECTO DA CONVOCATORIA . (Base 1ª-3-b)
Club Atletismo Carballiño	102 Km. Carballiño-Santiago	NON TEN ENCAIXE NO OBXECTO DA CONVOCATORIA . (Base 1ª-3-c)
Asociación Cultural Os Tres Reinos	Xogamos pola igualdade	TRÁTASE DE PROGRAMA. NON EVENTO

5º) **Denegar** a concesión de subvención ós seguintes proxectos, por non acadar a puntuación mínima de 30 puntos, establecida pola Comisión de Valoración e de conformidade coa base novena da convocatoria:

Club Atletas Veteranos Ourense	Andaina Arredor de Ourense	28,87
Ourense Club de Fútbol SAD	III Trofeo Ourense Cidade Termal	28,84
Special Olympics Galicia	Xogos autonómicos provincia Ourense 2016	28,80
Club Escolas Deportivas Concello Xinzo	II Memorial de Fútbol 8 "Toñito Maestro"	28,80
Club Escolas Deportivas Concello Xinzo	II Festival de inverno Xinzo de Limia 2016	28,30
Carballiño Fútbol Sala	II Torneo Verán Carballiño Fútbol Sala Mixto	27,68
Ourense Club de Fútbol SAD	XV Trofeo Cidade de Ourense	27,65
Atletismo Rúa	Gran Premio Montaña e Andaina	27,01
Asociación de Cabalistas O Mundil	Andadura dous e catro tempos	26,83
Club Bolos Punxeiro	Campionato provincial de Ourense Bolo Celta	26,26
Club Xadrez Benchoshey	VI Torneo Nadal	26,26
Atletismo Rúa	III Milla Nocturna de A Rúa	25,78
Asociación Xuvenil Os Gaiteiros	Día da Bici - I Ruta Cicloturística Vilar de Barrio	25,13
Club Piragüismo Fontefría	XI Regata Fontefría de Muiños	23,83
Asociación Vecinos A Chavasqueira	X Andaina Termal da Chavasqueira 2016	23,65
Asociación Cultural Os Tres Reinos	Megamaraton futbol sala Concello A Mezquita	21,50
Escola Deportiva Ourense	Torneo Letras Galegas Minibasket Fútbol 8	21,00
Escola Deportiva Ourense	Torneo Nadal Macdonals	21,00
Asociación de Veciños Laxas	VI Andaina Santa Mariña-Curuxeiras	20,62
Asociación Cultural Os Tres Reinos	Andaina nocturna O Castelo	19,83
Non So Bicis Celanova	II Duatlón Infantil Vila de Celanova	19,83
Asociación Deportiva de Fútbol Molgas	Torneo de Fútbol Vila Termal de Molgas	19,00
Escola Deportiva Ourense	Torneo Café Antillas Minibasket- Futsal	18,00
Asociación Rebule Arnoia	Andaina de mulleres para a igualdade	13,26
Asociación Cultural Os Tres Reinos	Xogos tradicionais interxeneracionais	11,50
Asociación de Mulleres Rurais Entre Nos	Andaina Penas Libres	8,33

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

6º.- Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

ENTIDADE SOLICITANTE	ACTIVIDADE	PROPOSTA SUBVENCIÓNS
Federación Galega de Tenis	IX Futures Cidade de Ourense 2016	7.330,57 €
Asoc. Deportiva Gimnasio Dinamic Center	XV Cam. Intern. de Wushu Cidade Ourense	4.705,68 €
Club Marusia Ourense	V Torneo Internacional Vila de Ribadavia	1.965,00 €
Xadrez Ourensán Universitario	III Torneo Inte. Xadrez Campus Ourense	2.081,47 €
CDC Santa Teresita	Torneo Fútbol 7 Alevín	1.988,64 €
Federación Galega de Piragüismo	48º Descenso do Miño	1.944,90 €
Club Adas	XXX Milla Urbana de O Barco	1.873,04 €
Club Polideportivo Athlos	XXXV Campeonato de España Senior	1.340,76 €
Centro de Deportes Barco	Torneo Valdeorras Cup 2016 Fútbol	1.221,63 €
Grupo Cuevas Nogueira Trail	I Trail Ribeira Sacra	1.197,44 €
Club Ximnasia Pavillón	VIII Torneo Primavera de Ximnasia Rítmica	987,05 €
Ourense Club de Fútbol SAD	XVI Memorial Patelo	840,00 €
Club Adas	IX Carreira popular "Dos Santiños" O Barco	800,00 €
Club de Fútbol Cortegada	XVII Maratón de Futbol Sala	887,50 €
E.D. Artai	CTO. Galego Oficial de Kung Fu Moderno 2015	871,59 €
Piragüismo Fluvial Allariz	Regata de Piragüismo Allariz 2016	868,65 €
Escuela de Kickboxing Cipri Gomes	XIII Torneo Int. Kickboxing Cidade Ourense	860,00 €
Fundación Cipri Gomes	V Torneo Internacional K1 Galicia	855,77 €
Club Natación Pabellón	XLV Trofeo Pedro Escudero de Natación	840,00 €
Sociedade Deportiva Cultural Arrabaldo	VIII Torneo Xuvenil Memorial Manolo Arnoia	839,35 €
Clube Balonmán Sergave Ourense	6º Torneo Cidade de Ourense de Veteráns	838,82 €
Asociación Deportiva Limiactiva	IV Circuito de Orientación Limiactiva 2016	838,00 €
Club Atletas Veteranos Ourense	XXIII Subida Costiña de Canedo	796,87 €
Asociación Vecinos A Chavasqueira	V Torneo de Hockey A Chavasqueira	793,20 €
Club Xadrez Benchoshey	IX Circuito Galicia Central	705,54 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

Centro de Deportes Barco	Torneo Semana Santa O Barco 2016 Fútbol	698,94 €
Sociedade Deportiva Cultural Arrabaldo	VI Torneo Semana Santa	694,92 €
Ourense Club de Fútbol SAD	II Torneo Internacional Ourense Termal Cup	683,94 €
Club Olimpo's	Campeonato de España de Boxeo de Formas	658,98 €
Asociación Basket Ourense	II Torneo Minibasket Ourense provincia termal	500,00 €
Asociación Basket Ourense	III Torneo Apertura	500,00 €
Asoc. de Exjugadores de C.D.Ourense	Memorial Lito de Fútbol	626,94 €
Agrupación Deportivo Natural	XX Concurso de pesca do Ribeiro	621,00 €
Club Atletas Veteranos Ourense	I Carreira popular de Seixalbo - Memorial "Mali"	601,44 €
Club Atletismo Carballiño	Medio Maratón de Carballiño	599,80 €
Asociación Baloncesto Xinzo	VI Vilas de Ourense de Minisbasket	579,29 €
Asociación Basket Ourense	III ABO DAY	500,00 €
Asociación Basket Ourense	I Torneo Letras Galegas	500,00 €
Asociación Basket Ourense	III Torneo Clausura	500,00 €
Asociación Basket Ourense	II Torneo Ribeira Sacra	500,00 €
Campus Ourense Club Balonmán	Torneo Primavera de Balonmán	572,45 €
Pabellón Ourense Club de Fútbol	IX Torneo Cidade de As Burgas Fútbol 8	511,00 €
Club Patinaxe AEHDE Carballiño	I Trofeo Vila do Carballiño	549,00 €
Asociación de Veciños Santa Marta Velle	II Andaina Serra Mosteironda Velle	544,77 €
A Peroxa Club de Fútbol	3º Torneo benéfico "As xeracións do futbol"	541,29 €
Atletismo Rúa	Carreira e Andaina contra o cancro	400,00 €
	TOTAL:	50.155.23

7º) **Ampliar** o prazo de xustificación das subvencións concedidas ao abeiro deste concurso ata o 30 de novembro, debido á dilación na súa tramitación.

ANEXO:

ACTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS DA PROPOSTA PROVISIONAL DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS PRESENTADOS AO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2016. (BOP nº 39, do 18 de febreiro de 2016)

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

En Ourense, no Pazo Provincial, ás doce horas do día 13 de outubro de dous mil dezaseis, reuniuse a Comisión de Valoración do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2016 (cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP n.º 39 do 18 de febreiro de 2016), integrada polas seguintes persoas:

Presidente: don Juan Anta Rodríguez, deputado provincial, delegado de deporte e mocidade da Deputación Provincial de Ourense.

Vogais:

- Juan Marquina Fuentes (vicesecretario xeral)
- José Mosquera Casero (xefe do Servizo de Intervención)
- Ángel Cid Manzano (xefe do Servizo de Deportes)
- Pablo Fernández Valencia, técnico deportivo, licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.

Secretaria: M.ª Isabel Rodríguez Carrera (xefa da Sección de Subvencións)

O obxecto da reunión é proceder ó estudo e valoración das alegacións formuladas á proposta provisional de resolución do concurso de referencia, e á formulación dunha proposta definitiva de resolución para a súa elevación á Xunta de Goberno da Deputación Provincial.

Os **antecedentes** do asunto para tratar son os seguintes:

1º) Con data 1 de setembro de 2016, a Comisión de Valoración formulou unha proposta provisional de resolución do concurso, que con data 9 de setembro de 2016 se someteu a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 84 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación.

2º) En tempo e forma, presentou alegación fronte á proposta provisional de resolución do concurso de referencia, a **Sociedade Cultural, Deportiva e Xuvenil Fontefría**.

Esta entidade, á que lle foi denegada a subvención por non acadar a puntuación mínima de 30 puntos, establecida pola Comisión de Valoración, alega, de xeito sintético, o seguinte:

1º.- Que o motivo de exclusión supón “...un agravio comparativo en relación a outros dous clubs da provincia que si reciben fondos, organizando o mesmo evento (Club de Piragüismo Fluvial Allariz e Club de Piragüismo Fluvial Avión).

2º.- Que os tres proxectos son regatas enmarcadas dentro da mesma competición e sometidas ao mesmo regulamento, co cal a puntuación debe ser exactamente a mesma e que se encadran, ademais, dentro da Copa Deputación de Ourense de Piragüismo.

3º.- Como consecuencia do anterior, solicita a revisión da puntuación asignada a esta entidade.

En relación coa primeira alegación, cómpre advertir que, independentemente de que se trate de eventos similares, os datos achegados polos solicitantes nas súas respectivas solicitudes son significativamente diferentes.

Así, no caso que nos ocupa, os datos achegados para o primeiro criterio de valoración, relativo ao orzamento da actividade no que se valora tanto o importe do orzamento como o esforzo económico que se reflicte no orzamento presentado, entendéndose como tal a maior porcentaxe de autofinanciamento ou financiamento con recursos, a **Sociedade Cultural, Deportiva e Xuvenil Fontefría**, presenta contías moderadamente inferiores aos outros dous clubs cos que se compara.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

Así mesmo, tamén hai diferenzas, segundo os datos achegados polas tres entidades, no relativo á categoría competitiva do evento, pois o Club de Piragüismo Fluvial Allariz e o Club de Piragüismo Fluvial Avión, teñen carácter autonómico e o alegante, ten carácter provincial.

Por último, e sempre segundo os datos presentados polos solicitantes, os dous clubs arriba indicados teñen participación base que non acredita o alegante.

Polo tanto, a puntuación obtida polo Club de Piragüismo Fluvial Allariz e o Club de Piragüismo Fluvial Avión é lixeiramente superior á obtida polo alegante, cuxa puntuación final non acada a puntuación mínima esixida pola correspondente Comisión de Valoración.

En relación coa segunda alegación e tendo en conta que o alegante indica que os tres eventos se encadran dentro da Copa Deputación de Ourense de Piragüismo, sendo incompatibles as subvencións concedidas ao abeiro do concurso público para Copa Deputación 2016 coas subvencións concedidas ao abeiro deste concurso, a Comisión de Valoración pediulle á Federación Galega de Piragüismo certificación acreditativa onde consten as “...xornadas nas que se disputou regata de Copa Deputación 2016 con indicación da data, lugar e resultados desta; e, no caso de constarlle a esa federación, se nas datas e lugares coincidentes coas anteriores xornadas se celebrou algunha outra regata non enmarcada na Copa Deputación.

A Federación Galega de Piragüismo acredita que o Club de Piragüismo Fluvial Allariz, realizou o día 21 de agosto de 2016, tanto a Copa Deputación como a celebración dunha regata que non estivo enmarcada dentro da Copa Deputación, que foi denominada “Festa da Empanada”.

Por outro lado, na mesma certificación consta que o evento “*Regata de Piragüismo de Avión*”, organizado polo Club de Piragüismo Fluvial Avión e subvencionado ao abeiro do presente concurso si se enmarcou dentro da Copa Deputación.

Paralelamente, o Club de Piragüismo Fluvial Avión, con data 7 de outubro de 2016, presentou renuncia á subvención proposta provisionalmente pola Comisión de Valoración, para a celebración da “*Regata de Piragüismo de Avión*”, por importe de 590,16 €.

En consecuencia de todo o exposto, a Comisión de Valoración mantén o enunciado na proposta provisional de resolución.

En virtude de canto antecede, a **comisión**, por unanimidade, **acorda elevarlle á Xunta de Goberno** da Deputación **proposta definitiva de** resolución do concurso co seguinte contido: **1º) Desestimar** a alegación presentada pola Sociedade Cultural, Deportiva e Xuvenil Fontefría, fronte á proposta provisional de resolución formulada no trámite de audiencia polos motivos que se recollen na parte expositiva desta acta, que poderá incorporarse como anexo ao acto de resolución ao abeiro do disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2º) Aceptar as renuncias presentadas ás solicitudes de subvención que se indican:

- Club Olimpo’s, CIF G32332561, para o proxecto “*I Torneo Internacional Manuel Míguez*”
- Escudería Luíntra, CIF G32414146, para o proxecto “*5º Rallye Ourense Ribeira Sacra 2016*”

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

- Delegación Provincial da Federación Galega de Balonmán, CIF G36390832, para o proxecto *Campionato Galego Master 7 Categoría Veteráns*”.
- Asociación Galega Ciclismo no Ribeiro, CIF G70073473, para o proxecto “40ª Edición da Volta Ciclista ao Ribeiro”.
- Running Sport Trail, CIF G32413023, para o proxecto “6ª Chandrexo Trail (Copa Galega FGM-Trail, Minitrail e Andaina).

3º) **Aceptar a renuncia** presentada polo Club de Piragüismo Fluvial Avión, con data 7 de outubro de 2016, á subvención proposta provisionalmente pola Comisión de Valoración, para a celebración da “Regata de Piragüismo de Avión”, por importe de 590,16 €.

4) **Excluir** da valoración os seguintes proxectos, polos motivos que se indican:

SOLICITANTE	ACTIVIDADE SOLICITADA	MOTIVO EXCLUSIÓN OU NON VALORACIÓN
Asociación Mo-vete Galicia	I Andaina Mo-vete Galicia	NON CELEBRARSE NAS DATAS INDICADAS NO PROXECTO
Asoc.Dep.Cult. Fomento Dep. Inercia Ribeiro	Baixas de carrilanas	NON TEN ENCAIXE NO OBXECTO DA CONVOCATORIA (Base primeira)
Asociación Mo-vete Galicia	I Aerobithon Mo-vete Galicia	NON CELEBRARSE NAS DATAS INDICADAS NO PROXECTO
Sociedade Deportiva Cultural Arrabaldo	V Campus Tempo Libre e Fútbol	NON SE TRATA DE EVENTO. (Base 1ª-3-d)
Fundación Cipri Gomes	II Trofeo Internacional Karate Cidade Ourense	NON CONSTA CELEBRACIÓN NOS TERMOS INDICADOS NO PROXECTO
Black Kick Competición	III Trofeo de Kickboxing Cidade Termal	NON CONSTA CELEBRACIÓN NOS TERMOS INDICADOS NO PROXECTO
Club Miguez Team	Gala Benéfica en favor de PROGAPE	NON CONSTA CELEBRACIÓN NOS TERMOS INDICADOS NO PROXECTO
Asociación Rebule Arnoia	Programa Camiña pola túa Saúde	TRÁTASE DE PROGRAMA. NON EVENTO
Escudería de clásicos de Ourense	XXII Rally de Ourense de clásicos y antigos	NON TEN ENCAIXE NO OBXECTO DA CONVOCATORIA . (Base 1ª-3-b)
Club Atletismo Carballiño	102 Km. Carballiño-Santiago	NON TEN ENCAIXE NO OBXECTO DA CONVOCATORIA . (Base 1ª-3-c)
Asociación Cultural Os Tres Reinos	Xogamos pola igualdade	TRÁTASE DE PROGRAMA. NON EVENTO

5º) **Denegar** a concesión de subvención ós seguintes proxectos, por non acadar a puntuación mínima de 30 puntos, establecida pola Comisión de Valoración e de conformidade coa base novena da convocatoria:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

Club Atletas Veteranos Ourense	Andaina Arredor de Ourense	28,87
Ourense Club de Futbol SAD	III Trofeo Ourense Cidade Termal	28,84
Special Olympics Galicia	Xogos autonómicos provincia Ourense 2016	28,80
Club Escolas Deportivas Concello Xinzo	II Memorial de Futbol 8 "Toñito Maestro"	28,80
Club Escolas Deportivas Concello Xinzo	II Festival de inverno Xinzo de Limia 2016	28,30
Carballiño Futbol Sala	II Torneo Verán Carballiño Futbol Sala Mixto	27,68
Ourense Club de Futbol SAD	XV Trofeo Cidade de Ourense	27,65
Atletismo Rúa	Gran Premio Montaña e Andaina	27,01
Asociación de Cabalistas O Mundil	Andadura dous e catro tempos	26,83
Club Bolos Punxeiro	Campionato provincial de Ourense Bolo Celta	26,26
Club Xadrez Benchoshey	VI Torneo Nadal	26,26
Atletismo Rúa	III Milla Nocturna de A Rúa	25,78
Asociación Xuvenil Os Gaiteiros	Dia da Bici - I Ruta Cicloturística Vilar de Barrio	25,13
Club Piragüismo Fontefría	XI Regata Fontefría de Muiños	23,83
Asociación Vecinos A Chavasqueira	X Andaina Termal da Chavasqueira 2016	23,65
Asociación Cultural Os Tres Reinos	Megamaraton futbol sala Concello A Mezquita	21,50
Escola Deportiva Ourense	Torneo Letras Galegas Minibasket Futbol 8	21,00
Escola Deportiva Ourense	Torneo Nadal Macdonals	21,00
Asociación de Veciños Laxas	VI Andaina Santa Mariña-Curuxeiras	20,62
Asociación Cultural Os Tres Reinos	Andaina nocturna O Castelo	19,83
Non So Bicis Celanova	II Duetlón Infantil Vila de Celanova	19,83
Asociación Deportiva de Futbol Molgas	Torneo de Futbol Vila Termal de Molgas	19,00
Escola Deportiva Ourense	Torneo Café Antillas Minibasket- Futsal	18,00
Asociación Rebule Arnoia	Andaina de mulleres para a igualdade	13,26
Asociación Cultural Os Tres Reinos	Xogos tradicionais interxeneracionais	11,50
Asociación de Mulleres Rurais Entre Nos	Andaina Penas Libres	8,33

6º.- Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

ENTIDADE SOLICITANTE	ACTIVIDADE	PROPOSTA SUBVENCIÓNS
Federación Galega de Tenis	IX Futures Cidade de Ourense 2016	7.330,57 €
Asoc. Deportiva Gimnasio Dinamic Center	XV Cam. Intern. de Wushu Cidade Ourense	4.705,68 €
Club Marusia Ourense	V Torneo Internacional Vila de Ribadavia	1.965,00 €
Xadrez Ourensán Universitario	III Torneo Inte. Xadrez Campus Ourense	2.081,47 €
CDC Santa Teresita	Torneo Futbol 7 Alevín	1.988,64 €
Federación Galega de Piragüismo	48º Descenso do Miño	1.944,90 €
Club Adas	XXX Milla Urbana de O Barco	1.873,04 €
Club Polideportivo Athlos	XXXV Campeonato de España Senior	1.340,76 €
Centro de Deportes Barco	Torneo Valdeorras Cup 2016 Futbol	1.221,63 €
Grupo Cuevas Nogueira Trail	I Trail Ribeira Sacra	1.197,44 €
Club Ximnasia Pavillón	VIII Torneo Primavera de Ximnasia Ritmica	987,05 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

Ourense Club de Futbol SAD	XVI Memorial Patelo	840,00 €
Club Adas	IX Carreira popular "Dos Santiños" O Barco	800,00 €
Club de Futbol Cortegada	XVII Maratón de Futbol Sala	887,50 €
E.D. Artai	CTO. Galego Oficial de Kung Fu Moderno 2015	871,59 €
Piragüismo Fluvial Allariz	Regata de Piragüismo Allariz 2016	868,65 €
Escuela de Kickboxing Cipri Gomes	XIII Torneo Int. Kickboxing Cidade Ourense	860,00 €
Fundación Cipri Gomes	V Torneo Internacional K1 Galicia	855,77 €
Club Natación Pabellón	XLV Trofeo Pedro Escudero de Natación	840,00 €
Sociedade Deportiva Cultural Arrabaldo	VIII Torneo Xuvenil Memorial Manolo Arnoia	839,35 €
Clube Balonmán Sergave Ourense	6º Torneo Cidade de Ourense de Veteráns	838,82 €
Asociación Deportiva Limiactiva	IV Circuito de Orientación Limiactiva 2016	838,00 €
Club Atletas Veteranos Ourense	XXIII Subida Costiña de Canedo	796,87 €
Asociación Vecinos A Chavasqueira	V Torneo de Hockey A Chavasqueira	793,20 €
Club Xadrez Benchoshey	IX Circuito Galicia Central	705,54 €
Centro de Deportes Barco	TorneoSemana Santa O Barco 2016 Futbol	698,94 €
Sociedade Deportiva Cultural Arrabaldo	VI Torneo Semana Santa	694,92 €
Ourense Club de Futbol SAD	II Torneo Internacional Ourense Termal Cup	683,94 €
Club Olimpo's	Campeonato de España de Boxeo de Formas	658,98 €
Asociación Basket Ourense	II Torneo Minibasket Ourense provincia termal	500,00 €
Asociación Basket Ourense	III Torneo Apertura	500,00 €
Asoc. de Exjugadores de C.D.Ourense	Memorial Lito de Futbol	626,94 €
Agrupación Deportivo Natural	XX Concurso de pesca do Ribeiro	621,00 €
Club Atletas Veteranos Ourense	I Carreira popular de Seixalbo - Memorial "Mali"	601,44 €
Club Atletismo Carballiño	Medio Maratón de Carballiño	599,80 €
Asociación Baloncesto Xinzo	VI Vilas de Ourense de Minibasket	579,29 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

Asociación Basket Ourense	III ABO DAY	500,00 €
Asociación Basket Ourense	I Torneo Letras Galegas	500,00 €
Asociación Basket Ourense	III Torneo Clausura	500,00 €
Asociación Basket Ourense	II Torneo Ribeira Sacra	500,00 €
Campus Ourense Club Balonmán	Torneo Primavera de Balonmán	572,45 €
Pabellón Ourense Club de Fútbol	IX Torneo Cidade de As Burgas Futbol 8	511,00 €
Club Patinaxe AEHDE Carballiño	I Trofeo Vila do Carballiño	549,00 €
Asociación de Veciños Santa Marta Velle	II Andaina Serra Mosteironda Velle	544,77 €
A Peroxa Club de Fútbol	3º Torneo benéfico "As xeracións do futbol"	541,29 €
Atletismo Rúa	Carreira e Andaina contra o cancro	400,00 €
	TOTAL:	50.155.23

7º) **Ampliar** o prazo de xustificación das subvencións concedidas ao abeiro deste concurso ata o 30 de novembro, debido á dilación na súa tramitación.

3.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS PARA ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2016.-

Unha vez finalizado o prazo de alegacións á resolución provisional de data 19 de setembro de 2016, do concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ó exercicio 2016, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 20 de novembro de 2015 e publicadas no BOP n.º 275, do 30 de novembro de 2015), e vista a proposta de resolución formulada pola Comisión de Valoración con data 11 de outubro de 2016, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) **Estimar** a alegación presentada polo Concello de Leiro, polo motivo indicado na parte expositiva da acta que se incorpora como anexo a este acordo.

2º) **Desestimar** integramente as alegacións presentadas fronte á proposta provisional de resolución formuladas no trámite de audiencia polos Concellos de Ribadavia e Petín, polos motivos que se recollen na parte expositiva da acta que se incorpora como anexo ao

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

acto de resolución ao abeiro do disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3º) Non admitir a trámite a alegación presentada polo Concello do Barco de Valdeorras, por ser extemporánea.

4º) Non admitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

4.1 Por presentar as ditas solicitudes fóra do prazo establecido na base quinta da convocatoria:

CULTURAIS E RECREATIVAS 2016			
N.º	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO
1	A Gudiña	P3203500H	Clases de canto Coral Polifónica B.S.A
2	A Gudiña	P3203500H	Clases pandereta, gaita, timbales, tambor bombo...

4.2 Por achegar a documentación valorable fóra do prazo establecido na base quinta da convocatoria, tendo en conta que esta documentación non é emendable:

CULTURAIS E RECREATIVAS 2016			
Nº	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO
1	Nogueira de Ramuín	P3205300A	Entroido
2	Nogueira de Ramuín	P3205300A	Magosto popular
3	Peroxa	P3206000F	Actividades recreativas para nenos do colexio da Peroxa

4.3 Solicitude para a que se propón a súa non admisión a trámite, por ser incompatible con outra subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno de data 29 de xullo, por importe de 10.000,00 €, para a mesma finalidade (base décimo quinta da convocatoria):

CULTURAIS E RECREATIVAS 2016			
Nº	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO
1	O Bolo	P3201600H	IX Festa da Vitela

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

5º) **Excluir** da valoración e, en consecuencia, denegarllles a concesión de subvención ás seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

5.1 Por incumprir o disposto na base quinta da convocatoria, ao non achegar a maior parte da documentación valorable, (memoria, orzamento e certificado dos ingresos municipais ordinario do último exercicio liquidado) ou presentalo con carácter extemporáneo:

CULTURAIS E RECREATIVAS 2016			
Nº	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO
1	A Peroxa	P3206000F	Clases de Zumba
2	A Peroxa	P3206000F	Ximnasia de mantemento nas parroquias
3	Allariz	P3200200H	Xornadas dos oficios do Coiro

5.2 Por incumprir o disposto na base quinta da convocatoria, ao non achegar certificado dos ingresos municipais ordinario do último exercicio liquidado ou presentalo con carácter extemporáneo:

CULTURAIS E RECREATIVAS 2016			
N.º	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTOS
1.	A Pobra de Trives	P3206400H	Magosto Popular
2.	A Pobra de Trives	P3206400H	Entroido do Concello
3.	Beariz	P3201200G	Publicación Revista Cultural "O Quince"
4.	Chandrexa de Queixa	P3203000I	Festas Populares
5.	Maceda	P3204400J	Festa e Feira Medieval
6.	Maceda	P3204400J	Entroido Quente de Maceda
7.	Maceda	P3204400J	Festa Entroido de Maceda

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

8.	O Barco de Valdeorras	P3201000A	XVI Festa do Botelo do Barco
9.	O Barco de Valdeorras	P3201000A	Semana das Letras Galegas 2016
10.	O Irixo	P3203600F	Premio Investigación Con. Irixo
11.	Petín	P3206100D	Magosto 2016
12.	Petín	P3206100D	Festa da Freba 2016
13.	Petín	P3206100D	Entroido 2016
14.	Ribadavia	P3207000E	Actividades Feira do Viño do Ribeiro
15.	San Xoán de Río	P3207100C	Programa de dinamización cultural 2016
16.	Sandiás	P3207800H	Magosto Popular 2016
17.	Sarreaus	P3207900F	O Entroido: "O Vergalleiro"
18.	Viana do Bolo	P3208700I	II Mascarada Ibérica
19.	Viana do Bolo	P3208700I	Clases de gaita, percusión, guitarra e solfeo
20.	Viana do Bolo	P3208700I	Guía Turística Casco Vello de Viana do Bolo
21.	Viana do Bolo	P3208700I	Samaín Infantil
22.	Viana do Bolo	P3208700I	Entroido Infantil
23.	Xinzo de Limia	P3203300C	"Entroido na Rúa 2016"
24.	Xunqueira de Ambía	P3203700D	"Cultura e Ocio, Cousa de todos"

5.3 Por incumprir o disposto na base quinta da **convocatoria** ó non achegar o orzamento individualizado e detallado en ingresos e gastos, ou presentalo con carácter extemporáneo:

CULTURAIS E RECREATIVAS 2016			
Nº	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO
1	A Veiga	P3208400F	Recuperación do Entroido

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

6º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

Solicitantes	Actividade	Punt. Int. Social	Punt. E.P.	Punt. Autof.	Total Punt.	Importe Concedido
A Peroxa		2	2,22	10	14,22	588,00 €
1.	Verán Cultural para nen@s	2	2,22	10	14,22	588,00 €
A Teixeira		2	1,82	7	10,82	674,09 €
2.	Circuito de Karts	2	1,82	7	10,82	674,09 €
Amoeiro		11	8,08	7	26,08	1.624,78 €
3.	"Lembranzas de Amoeiro"	11	8,08	7	26,08	1.624,78 €
Avión		8	2,48	7	17,48	1.089,00 €
4.	XII Festa Mexicana. Festa homenaxe aos emigrantes	8	2,48	7	17,48	1.089,00 €
Baltar		7	5,56	7	19,56	1.218,59 €
5.	Concurso de Mastín español	7	5,56	7	19,56	1.218,59 €
Bande		17	5,54	40	62,54	3.317,64 €
6.	Entroido	4	0,88	10	14,88	927,02 €
7.	Encontros de teatro escolar e amateur	2	1,32	10	13,32	829,84 €
8.	Festa do Peixe	8	3,12	10	21,12	1.315,78 €
9.	Feira de mostras de produtos endóxeos	3	0,22	10	13,22	245,00 €
Barbadás		22	1,93	7	30,93	1.926,94 €
10.	Programa Cultural	22	1,93	7	30,93	1.926,94 €
Calvos de Randín		8	7,67	7	22,67	1.412,34 €
11.	Acto de nomeamento de Xuíces honorarios do Couto Mixto	8	7,67	7	22,67	1.412,34 €
Carballada de Avia		6	4,58	14	24,59	1.531,96 €
12.	San Xoán 2016	3	1,47	7	11,47	714,58 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

13.	O Entroido 2016	3	3,12	7	13,12	817,38 €
Cartelle		4	4,18	20	28,18	1.755,61 €
14.	Cabalgata de Reis 2016	2	2,59	10	14,59	908,96 €
15.	Curso de gaita e percusión	2	1,59	10	13,59	846,66 €
Castrelo de Miño		45	14,60	59	118,61	7.168,32 €
16.	Letras Galegas	3	0,30	7	10,30	500,00 €
17.	Escola de Música Tradicional de Castrelo de Miño	3	0,61	7	10,61	661,00 €
18.	Ribeiro Blues Wine Festival	26	10,96	10	46,96	2.925,61 €
19.	Festa da Anguía	3	0,61	7	10,61	661,00 €
20.	Escola de Teatro	3	0,61	7	10,61	661,00 €
21.	Revista Cultural Castrelo de Miño	3	0,61	7	10,61	661,00 €
22.	Fogueiras de San Xoán	2	0,30	7	9,30	500,00 €
23.	Xuntaza de Maiores	2	0,61	7	9,61	598,70 €
Castrelo do Val		3	2,61	7	12,61	785,60 €
24.	Obra audiovisual Estela Pedra Alta Castrelo do Val	3	2,61	7	12,61	785,60 €
Castro Caldelas		15	5,33	28	48,33	3.010,96 €
25.	Actividades de Lecer para Nenos	2	0,67	7	9,67	602,44 €
26.	Festa dos Fachos 19/01/2016	9	2,44	7	18,44	1.148,81 €
27.	Cabalgata de Reis 05/01/2016	2	0,61	7	9,61	598,70 €
28.	Actividades de Lecer para Maiores: Pilates	2	1,61	7	10,61	661,00 €
Cenlle		14	7,47	34	55,47	3.082,08 €
29.	Especial Aninovo e Reis	2	0,74	10	12,74	420,00 €
30.	XII Festa do Viño Tinto de Cenlle	8	4,40	10	22,40	1.395,52 €
31.	2ª Edición da Festa da Xuventude	2	1,31	7	10,31	642,31 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

32.	11ª Edición do Día d@Nen@	2	1,02	7	10,02	624,25 €
Coles		14	5,35	17	36,35	2.264,61 €
33.	Festa do Samaín 2016	2	0,40	7	9,40	585,62 €
34.	Escola de Música do Concello de Coles	12	4,95	10	26,95	1.678,99 €
Cortegada		12	8,34	21	41,34	2.575,48 €
35.	VII Feira de Artesanía e do Porco Celta	8	5,53	7	20,53	1.279,02 €
36.	IX Festa do Maior	2	1,62	7	10,62	661,63 €
37.	Verán Cultural Cortegada 2016	2	1,19	7	10,19	634,84 €
Laza		57	23,83	27	107,82	6.717,19 €
38.	Santo Cristo de Laza	26	11,02	10	47,02	2.929,35 €
39.	Entroido de Laza	28	11,02	10	49,02	3.053,95 €
40.	Batalla de Mouros e Cristiáns Retorta	3	1,78	7	11,78	733,89 €
Leiro		23	15,00	10	48,00	2.990,40 €
41.	XXVII Festa da vendima de Leiro	23	15,00	10	48,00	2.990,40 €
Lobios		3	1,14	7	11,14	694,02 €
42.	Actividades Culturais, Recreativas e Lúdicas da XIX da festa dos callos limiaos	3	1,14	7	11,14	694,02 €
Monterrei		21	6,38	10	37,38	2.328,77 €
43.	9ª Xuntanza dos Maiores de Monterrei	21	6,38	10	37,38	2.328,77 €
Parada do Sil		9	7,82	34	50,81	2.844,32 €
44.	Letras Galegas	3	3,34	7	13,34	831,08 €
45.	Cabalgata de Reis 2016	2	1,11	7	10,11	629,85 €
46.	Magosto Parada de Sil	2	1,02	10	13,02	490,00 €
47.	Magosto Sacardebois	2	2,34	10	14,34	893,38 €
Pontedeiva		3		7	14,96	

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

			4,96			932,01 €
48.	VI Lumeirada no Río Deva	3	4,96	7	14,96	932,01 €
Porqueira		6	10,06	21	37,06	2.308,84 €
49.	Magosto	2	3,63	7	12,63	786,85 €
50.	Clases de Gaita e Percusión	2	2,14	7	11,14	694,02 €
51.	Clases de Teatro	2	4,29	7	13,29	827,97 €
Rairiz de Veiga		10	5,60	7	22,60	1.407,98 €
52.	Romaría da Saínza 2016	10	5,60	7	22,60	1.407,98 €
Ramirás		4	2,89	14	20,89	1.301,45 €
53.	Aprendizaxe da música tradicional galega	2	2,04	7	11,04	687,79 €
54.	Programa de formación musical para membros de banda de música	2	0,85	7	9,85	613,66 €
Ríós		4	2,41	14	20,41	1.271,54 €
55.	Entroido 2016	2	0,88	7	9,88	615,52 €
56.	Ludoteca de Verán 2016	2	1,53	7	10,53	656,02 €
Toén		4	3,04	20	27,04	1.684,59 €
57.	Ludoteca de verán	2	1,39	10	13,39	834,20 €
58.	Certame de Corais	2	1,65	10	13,65	850,40 €
Verín		60	8,92	27	95,92	5.975,82 €
59.	Entroido de Verín 2016	28	6,39	10	44,39	2.765,50 €
60.	Feira do Lázaro 2016	25	1,90	10	36,90	2.298,87 €
61.	Impresión de Libros 2016 "Os Bolechas"	7	0,63	7	14,63	911,45 €
Vilamarín		4	1,80	20	25,80	1.424,44 €
62.	Actividades Culturais e recreativas 2016. Coñecer Vilamarín. A Ruta dos fornos	2	0,61	10	12,61	602,70 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

63.	Actividades culturais e recreativas 2016. Magosto Popular	2	1,19	10	13,19	821,74 €
Vilar de Barrio		2	1,80	10	13,80	859,74 €
64.	Fomento da nosa música: gaita e percusión. Iniciación e perfeccionamento	2	1,80	10	13,80	859,74 €
Vilar de Santos		6	6,08	20	32,08	1.672,18 €
65.	Programa etnográfico do Museo da Limia 2016	3	1,87	10	14,87	600,00 €
66.	Programa cultural 2016 no concello de Vilar de Santos	3	4,21	10	17,21	1.072,18 €
Vilariño de Conso		32	12,37	56	100,37	6.253,05 €
67.	Escola de Gaitas	7	2,00	7	16,00	996,80 €
68.	Actividades Infantís e Cabalgata Reis	2	0,50	7	9,50	591,85 €
69.	Pilates	2	1,60	7	10,60	660,38 €
70.	I Ruta Turística sobre rodas	2	0,66	7	9,66	601,82 €
71.	Verán dos Nenos II	2	1,17	7	10,17	633,59 €
72.	Actividades Extraescolares no Rural	2	1,09	7	10,09	628,61 €
73.	Entroido Tradicional en Vilariño de Conso	13	4,01	7	24,01	1.495,82 €
74.	Actividades deportivas	2	1,34	7	10,34	644,18 €
A Arnoia		9	2,68	5	16,68	1.039,16 €
75.	XXXVII Festa do Pemento de Arnoia	9	2,68	5	16,68	1.039,16 €
A Mezquita		2	2,62	7	11,62	723,93 €
76.	1ª Edición de Andainas para a conservación medioambiental das rutas do concello	2	2,62	7	11,62	723,93 €
A Rúa		43	8,42	34	85,42	5.321,67 €
77.	Magosto Popular	2	0,77	7	9,77	608,67 €
78.	Entroido 2016	8		7	16,01	

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

			1,01			997,42 €
79.	IX Festa do Codillo	12	2,66	10	24,66	1.536,32 €
80.	III Baco Festa	21	3,98	10	34,98	2.179,25 €
Baños de Molgas		11	6,88	14	31,88	1.986,12 €
81.	Ríos de vida	2	2,50	7	11,50	716,45 €
82.	Balneos Mollicas	9	4,38	7	20,38	1.269,67 €
Esgos		10	7,22	40	57,23	3.565,43 €
83.	Magosto	2	1,67	10	13,67	851,64 €
84.	Entroido	3	1,88	10	14,88	927,02 €
85.	XVIII Feira Agroambiental	2	1,60	10	13,60	847,28 €
86.	XXIV Festa do emigrante	3	2,08	10	15,08	939,48 €
Montederramo		22	8,21	7	37,21	2.318,18 €
87.	Festa da Carne	22	8,21	7	37,21	2.318,18 €
Muíños		23	7,63	10	40,63	2.531,25 €
88.	Festa gastronómica do Galo Pica no chan e das sopas do burro canso	23	7,63	10	40,63	2.531,25 €
O Carballiño		23	0,91	10	33,91	2.112,59 €
89.	Xornadas de Cine e Vídeo en Galicia 2016 (Xociviga 2016)	23	0,91	10	33,91	2.112,59 €
O Pereiro de Aguiar		8	0,87	21	29,87	1.776,10 €
90.	I Ecomercado do Pereiro de Aguiar	2	0,13	7	9,13	484,00 €
91.	Actividades formativas, Obradoiro de estimulación cognitiva	3	0,53	7	10,53	656,02 €
92.	Concurso de tarxetas de nadal "Terras de Aguiar"	3	0,21	7	10,21	636,08 €
Oímbra		13	6,48	7	26,48	1.649,70 €
93.	XIX Feira do Pemento de Oímbra	13	6,48	7	26,48	1.649,70 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

Quintela de Leirado		6	7,54	21	34,54	2.151,84 €
94.	Edición do Libro de Poesía de Otilia Míguez Dávila	2	2,17	7	11,17	695,89 €
95.	Pool Party	2	2,41	7	11,41	710,84 €
96.	Festa do Neno	2	2,96	7	11,96	745,11 €
Total xeral		608	261,28	772	1641,33	99.868,32 €

7º) **Ampliar** o prazo de xustificación das subvencións concedidas ao abeiro deste concurso ata o 30 de novembro, debido á dilación na súa tramitación.

ANEXO:

ACTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS DA PROPOSTA PROVISIONAL DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS PRESENTADOS AO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS CORRESPONDENTES Ó EXERCICIO 2016. (BOP N.º275, DO 30 DE NOVIEMBRE DE 2015)

En Ourense, no Pazo Provincial, ás doce horas do día 11 de outubro de dous mil dezaseis reuniuse a Comisión de Valoración do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ó exercicio 2016 (cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP n.º 275, do 30 de novembro de 2015) co obxecto de resolver as alegacións presentadas.

ANTECEDENTES:

Con data 19 de setembro de dous mil dezaseis, reuniuse a Comisión de Valoración do mencionado concurso e ***formulou proposta provisional de resolución do concurso.***

Con data 29 de setembro de 2016 someteuse esta proposta provisional de resolución a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 84 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación.

En tempo e forma, presentáronse as seguintes alegacións:

- Don Francisco José Fernández Pérez, alcalde do Concello de Leiro.
- Don José Ignacio Gómez Pérez, alcalde do Concello de Ribadavia.
- Don Miguel Bautista Carballo, alcalde do Concello de Petín.

Con carácter extemporáneo, presentou alegación don Alfredo L. García Rodríguez, alcalde do Concello do Barco de Valdeorras.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

1º) En relación coa alegación presentada polo representante legal do Concello de Leiro, indícase o seguinte:

A solicitude de subvención presentada polo Concello de Leiro tivo entrada no Rexistro Xeral desta entidade unha vez finalizado o prazo de presentación establecido nas bases da convocatoria, pola que a súa solicitude non foi admitida a trámite.

Con data 4 de outubro, dentro do prazo de alegacións, presentou escrito de alegacións á proposta provisional de resolución ó que achega copia do oficio da solicitude, selado pola oficina de correos con data 14 de xaneiro de 2016, e, polo tanto, dentro do prazo de presentación.

Neste senso, e a pesar de que a solicitude de subvención presentada nesta Deputación Provincial carece do dito selo da oficina de correos que acreditaría no seu momento a presentación en tempo e forma da súa solicitude, ó presentar no período de alegacións a copia da solicitude selada, débese proceder á admisión a trámite da solicitude de referencia, e en consecuencia, á valoración do expediente pola correspondente Comisión de Valoración.

2º) En relación coa alegación presentada polo representante legal do Concello de Ribadavia, cuxa solicitude foi excluída da valoración por “...incumprir o disposto na base quinta da convocatoria, ó non achegar certificado dos ingresos municipais ordinario do último exercicio liquidado ou presentalo con carácter extemporáneo”, indícase o seguinte:

O alegante apunta como motivo do seu escrito que non se lle concedeu prazo para emendar as deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

A este respecto, advírtese que tal e como establece a base sétima, o alegante transcribe, “...unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación **administrativa** presentada.” Pero continúa dicindo que “*dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación **valorable**.*”

Neste caso, o Concello de Ribadavia, non achegou en tempo e forma o certificado arriba indicado, que forma parte da documentación valorable, non sendo esta documentación emendable tal e como se advirte clara e expresamente nas bases reguladoras da convocatoria, toda vez que o apartado terceiro da dita base quinta, dispón “... *que non serán obxecto de valoración, denegándoseles a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se acheguen, cando menos, a memoria descritiva co contido definido no apartado a) e o orzamento do apartado b) así como a certificación do apartado c). Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización*”.

Así mesmo, a base quinta apartado cuarto, relativa ao lugar, prazo de presentación e documentación para presentar coas solicitudes de subvención, advirte claramente que “...*dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só será de aplicación á documentación administrativa*”.

En consecuencia do exposto, a Comisión de Valoración entende que a exclusión da valoración está correctamente realizada, polo que se mantén o enunciado na proposta provisional de resolución.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

3º) En relación coa alegación do Concello de Petín, cuxas solicitudes foron excluídas da valoración “...por incumprir o disposto na base quinta da convocatoria, ao non achegar certificado dos ingresos municipais ordinario do último exercicio liquidado” alega, de xeito sintético, o seguinte:

1º.- Que, de conformidade coa base quinta, este concello presentou a correspondente autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

Con relación a este punto, tal e como dispón a antedita base, trátase dunha autorización para comunicar mediante un aviso, entre outros puntos, o inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación **administrativa** presentada, en ningún caso, de documentación valorable, que non é emendable, tal e como se advirte de xeito expreso na base sétima que establece que “...dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.”

2º.- Que o Concello de Petín considera que “...o trámite de audiencia abre o período para presentar a documentación administrativa que se require e que se presenta neste momento, no prazo axustado ás bases”.

O trámite de audiencia realízase para que para que os interesados presenten as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional, de conformidade co artigo 84 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación Provincial e coa base sétima das bases reguladoras; en ningún caso se trata dun prazo de emenda de documentación administrativa; ademais, o Concello de Petín presentou, en tempo e forma, a correspondente documentación administrativa e por isto non se lle fixo ningún requirimento. As súas solicitudes foron admitidas a trámite pero, posteriormente excluídas da valoración polo motivo indicado.

Neste senso, o Concello de Petín, igual que no caso anterior, non achegou en tempo e forma o certificado dos ingresos municipais ordinario do último exercicio liquidado, que forma parte da documentación valorable, non sendo esta documentación emendable tal e como se advirte clara e expresamente nas bases reguladoras da convocatoria, ao establecer que “...dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só será de aplicación á documentación administrativa”.

3º.- Que, a certificación dos ingresos municipais do último exercicio liquidado, consta nesta Deputación Provincial en diversos expedientes, indicando, ademais, que non se trata dun elemento decisivo no carácter competitivo do evento.

A este respecto, cómpre indicar, que o artigo 23.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, establece que no caso de que os documentos esixidos xa estiveran en poder de **calquera órgano da administración actuante**, o solicitante poderá acollerse ao establecido no

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

parágrafo f) do artigo 35 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre e cando se faga constar a data e o órgano ou dependencia no que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non transcorreran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Por outro lado e en canto ao indicado polo alegante de que o certificado de referencia non se trata dun elemento decisivo no carácter competitivo do evento, unicamente se advirte, unha vez máis, que este certificado forma parte da documentación valorable e, polo tanto, se lle asigna a correspondente puntuación en comparación cos certificados achegados polos restantes solicitantes, sempre de conformidade cos criterios de valoración establecidos nas bases da convocatoria, toda vez que o apartado terceiro de dita base quinta, dispón “... *que non serán obxecto de valoración, denegándoseles a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se acheguen, cando menos, a memoria descritiva co contido definido no apartado a) e o orzamento do apartado b) así como a certificación do apartado c)* (certificación expedida polo secretario – interventor ou, de ser o caso, interventor do concello, na que consten os ingresos municipais ordinarios do derradeiro exercicio liquidado).

Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización”.

En consecuencia do exposto, a Comisión de Valoración entende que a exclusión da valoración está correctamente realizada, polo que se mantén o enunciado na proposta provisional de resolución.

En virtude de canto antecede, a **comisión**, por unanimidade, **acorda elevarlle á Xunta de Goberno** da Deputación **proposta definitiva de** resolución do concurso co seguinte contido:

1º) Estimar a alegación presentada polo Concello de Leiro polo motivo indicado na parte expositiva desta acta.

2º) Desestimar integramente as alegacións presentadas fronte á proposta provisional de resolución formuladas no trámite de audiencia polos Concellos de Ribadavia e Petín, polos motivos que se recollen na parte expositiva desta acta, que poderá incorporarse como anexo ao acto de resolución ao abeiro do disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3º) Non admitir a trámite a alegación presentada polo Concello do Barco de Valdeorras, por ser extemporánea.

4º) Non admitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

4.1 Por presentar as ditas solicitudes fóra do prazo establecido na base quinta da convocatoria:

CULTURAIS E RECREATIVAS 2016			
Nº	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO
1	A Gudiña	P3203500H	Clases de canto Coral Polifónica B.S.A
2	A Gudiña	P3203500H	Clases pandereta, gaita, timbales,

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

tambor bombo...

4.2 Por achegar a documentación valorable fóra do prazo establecido na base quinta da convocatoria, tendo en conta que esta documentación non é emendable :

CULTURAIS E RECREATIVAS 2016			
Nº	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO
1	Nogueira de Ramuín	P3205300A	Entroido
2	Nogueira de Ramuín	P3205300A	Magosto popular
3	Peroxa	P3206000F	Actividades recreativas para nenos do colexio da Peroxa

4.3 Solicitud para a que se propón a súa non admisión a trámite, por ser incompatible con outra subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno de data 29 de xullo, por importe de 10.000,00 €, para a mesma finalidade (base décimo quinta da convocatoria):

CULTURAIS E RECREATIVAS 2016			
Nº	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO
1	O Bolo	P3201600H	IX Festa da Vitela

5º) **Excluír** da valoración e, en consecuencia, denegarllas a concesión de subvención ás seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

5.1 Por incumprir o disposto na base quinta da convocatoria, ao non achegar a maior parte da documentación valorable, (memoria, orzamento e certificado dos ingresos municipais ordinario do último exercicio liquidado) ou presentalo con carácter extemporáneo:

CULTURAIS E RECREATIVAS 2016			
Nº	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO
1	A Peroxa	P3206000F	Clases de Zumba
2	A Peroxa	P3206000F	Ximnasia de mantemento nas parroquias

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

3	Allariz	P3200200H	Xornadas dos oficios do Coiro
---	---------	-----------	----------------------------------

5.2 Por incumprir o disposto na base quinta da convocatoria, ao non achegar certificado dos ingresos municipais ordinario do último exercicio liquidado ou presentalo con carácter extemporáneo:

CULTURAIS E RECREATIVAS 2016

Nº	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTOS
25.	A Pobra de Trives	P3206400H	Magosto Popular
26.	A Pobra de Trives	P3206400H	Entroido do Concello
27.	Beariz	P3201200G	Publicación Revista Cultural "O Quince"
28.	Chandrexa de Queixa	P3203000I	Festas Populares
29.	Maceda	P3204400J	Festa e Feira Medieval
30.	Maceda	P3204400J	Entroido Quente de Maceda
31.	Maceda	P3204400J	Festa Entroido de Maceda
32.	O Barco de Valdeorras	P3201000A	XVI Festa do Botelo do Barco
33.	O Barco de Valdeorras	P3201000A	Semana das Letras Galegas 2016
34.	O Irixo	P3203600F	Premio Investigación Con. Irixo
35.	Petín	P3206100D	Magosto 2016
36.	Petín	P3206100D	Festa da Freba 2016
37.	Petín	P3206100D	Entroido 2016
38.	Ribadavia	P3207000E	Actividades Feira do Viño do Ribeiro
39.	San Xoán de Río	P3207100C	Programa de dinamización cultural 2016
40.	Sandiás	P3207800H	Magosto Popular 2016
41.	Sarreaus	P3207900F	O Entroido: "O Vergalleiro"

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

42.	Viana do Bolo	P3208700I	II Mascarada Ibérica
43.	Viana do Bolo	P3208700I	Clases de gaita, percusión, guitarra e solfeo
44.	Viana do Bolo	P3208700I	Guía Turística Casco Vello de Viana do Bolo
45.	Viana do Bolo	P3208700I	Samaín Infantil
46.	Viana do Bolo	P3208700I	Entroido Infantil
47.	Xinzo de Limia	P3203300C	"Entroido na Rúa 2015"
48.	Xunqueira de Ambía	P3203700D	"Cultura e Ocio, Cousa de todos"

5.3 Por incumprir o disposto na base quinta da **convocatoria** ó non achegar o orzamento individualizado e detallado en ingresos e gastos, ou presentalo con carácter extemporáneo:

CULTURAIS E RECREATIVAS 2016			
Nº	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO
1	A Veiga	P3208400F	Recuperación do Entroido

6º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

Solicitantes	Actividade	Punt. Int. Social	Punt. E.P.	Punt. Autof.	Total Punt.	Importe Concedido
A Peroxa		2	2,22	10	14,22	588,00 €
1.	Verán Cultural para nen@s	2	2,22	10	14,22	588,00 €
A Teixeira		2	1,82	7	10,82	674,09 €
2.	Circuito de Karts	2	1,82	7	10,82	674,09 €
Amoeiro		11	8,08	7	26,08	1.624,78 €
3.	"Lembranzas de Amoeiro"	11	8,08	7	26,08	1.624,78 €
Avión		8	2,48	7	17,48	1.089,00 €
4.	XII Festa Mexicana. Festa homenaxe aos	8	2,48	7	17,48	1.089,00 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

	emigrantes					
Baltar		7	5,56	7	19,56	1.218,59 €
5.	Concurso de Mastín español	7	5,56	7	19,56	1.218,59 €
Bande		17	5,54	40	62,54	3.317,64 €
6.	Entroido	4	0,88	10	14,88	927,02 €
7.	Encontros de teatro escolar e amateur	2	1,32	10	13,32	829,84 €
8.	Festa do Peixe	8	3,12	10	21,12	1.315,78 €
9.	Feira de mostras de produtos endóxenos	3	0,22	10	13,22	245,00 €
Barbadás		22	1,93	7	30,93	1.926,94 €
10.	Programa Cultural	22	1,93	7	30,93	1.926,94 €
Calvos de Randín		8	7,67	7	22,67	1.412,34 €
11.	Acto de nomeamento de Xuíces honorarios do Couto Mixto	8	7,67	7	22,67	1.412,34 €
Carballada de Avia		6	4,58	14	24,59	1.531,96 €
12.	San Xoán 2016	3	1,47	7	11,47	714,58 €
13.	O Entroido 2016	3	3,12	7	13,12	817,38 €
Cartelle		4	4,18	20	28,18	1.755,61 €
14.	Cabalgata de Reis 2016	2	2,59	10	14,59	908,96 €
15.	Curso de gaita e percusión	2	1,59	10	13,59	846,66 €
Castrelo de Miño		45	14,60	59	118,61	7.168,32 €
16.	Letras Galegas	3	0,30	7	10,30	500,00 €
17.	Escola de Música Tradicional de Castrelo de Miño	3	0,61	7	10,61	661,00 €
18.	Ribeiro Blues Wine Festival	26	10,96	10	46,96	2.925,61 €
19.	Festa da Anguía	3	0,61	7	10,61	661,00 €
20.	Escola de Teatro	3	0,61	7	10,61	661,00 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

21.	Revista Cultural Castrelo de Miño	3	0,61	7	10,61	661,00 €
22.	Fogueiras de San Xoán	2	0,30	7	9,30	500,00 €
23.	Xuntaza de Maiores	2	0,61	7	9,61	598,70 €
Castrelo do Val		3	2,61	7	12,61	785,60 €
24.	Obra audiovisual Estela Pedra Alta Castrelo do Val	3	2,61	7	12,61	785,60 €
Castro Caldelas		15	5,33	28	48,33	3.010,96 €
25.	Actividades de Lecer para Nenos	2	0,67	7	9,67	602,44 €
26.	Festa dos Fachos 19/01/2016	9	2,44	7	18,44	1.148,81 €
27.	Cabalgata de Reis 05/01/2016	2	0,61	7	9,61	598,70 €
28.	Actividades de Lecer para Maiores: Pilates	2	1,61	7	10,61	661,00 €
Cenlle		14	7,47	34	55,47	3.082,08 €
29.	Especial Aninovo e Reis	2	0,74	10	12,74	420,00 €
30.	XII Festa do Viño Tinto de Cenlle	8	4,40	10	22,40	1.395,52 €
31.	2ª Edición da Festa da Xuventude	2	1,31	7	10,31	642,31 €
32.	11ª Edición do Día d@Nen@	2	1,02	7	10,02	624,25 €
Coles		14	5,35	17	36,35	2.264,61 €
33.	Festa do Samaín 2016	2	0,40	7	9,40	585,62 €
34.	Escola de Música do Concello de Coles	12	4,95	10	26,95	1.678,99 €
Cortegada		12	8,34	21	41,34	2.575,48 €
35.	VII Feira de Artesanía e do Porco Celta	8	5,53	7	20,53	1.279,02 €
36.	IX Festa do Maior	2	1,62	7	10,62	661,63 €
37.	Verán Cultural Cortegada 2016	2	1,19	7	10,19	634,84 €
Laza		57	23,83	27	107,82	6.717,19 €
38.	Santo Cristo de Laza	26	11,02	10	47,02	2.929,35 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

39.	Entroido de Laza	28	11,02	10	49,02	3.053,95 €
40.	Batalla de Mouros e Cristiáns Retorta	3	1,78	7	11,78	733,89 €
Leiro		23	15,00	10	48,00	2.990,40 €
41.	XXVII Festa da vendima de Leiro	23	15,00	10	48,00	2.990,40 €
Lobios		3	1,14	7	11,14	694,02 €
42.	Actividades Culturais, Recreativas e Lúdicas da XIX da festa dos callos limiaos	3	1,14	7	11,14	694,02 €
Monterrei		21	6,38	10	37,38	2.328,77 €
43.	9ª Xuntanza dos Maiores de Monterrei	21	6,38	10	37,38	2.328,77 €
Parada do Sil		9	7,82	34	50,81	2.844,32 €
44.	Letras Galegas	3	3,34	7	13,34	831,08 €
45.	Cabalgata de Reis 2016	2	1,11	7	10,11	629,85 €
46.	Magosto Parada de Sil	2	1,02	10	13,02	490,00 €
47.	Magosto Sacardebois	2	2,34	10	14,34	893,38 €
Pontedeva		3	4,96	7	14,96	932,01 €
48.	VI Lumeirada no Río Deva	3	4,96	7	14,96	932,01 €
Porqueira		6	10,06	21	37,06	2.308,84 €
49.	Magosto	2	3,63	7	12,63	786,85 €
50.	Clases de Gaita e Percusión	2	2,14	7	11,14	694,02 €
51.	Clases de Teatro	2	4,29	7	13,29	827,97 €
Rairiz de Veiga		10	5,60	7	22,60	1.407,98 €
52.	Romaría da Saínza 2016	10	5,60	7	22,60	1.407,98 €
Ramirás		4	2,89	14	20,89	1.301,45 €
53.	Aprendizaxe da música tradicional galega	2	2,04	7	11,04	687,79 €
54.	Programa de formación	2		7	9,85	

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

	musical para membros de banda de música		0,85			613,66 €
Ríós		4	2,41	14	20,41	1.271,54 €
55.	Entroido 2016	2	0,88	7	9,88	615,52 €
56.	Ludoteca de Verán 2016	2	1,53	7	10,53	656,02 €
Toén		4	3,04	20	27,04	1.684,59 €
57.	Ludoteca de verán	2	1,39	10	13,39	834,20 €
58.	Certame de Corais	2	1,65	10	13,65	850,40 €
Verín		60	8,92	27	95,92	5.975,82 €
59.	Entroido de Verín 2016	28	6,39	10	44,39	2.765,50 €
60.	Feira do Lázaro 2016	25	1,90	10	36,90	2.298,87 €
61.	Impresión de Libros 2016 "Os Bolechas"	7	0,63	7	14,63	911,45 €
Vilamarín		4	1,80	20	25,80	1.424,44 €
62.	Actividades Culturais e recreativas 2016. Coñecer Vilamarín. A Ruta dos fornos	2	0,61	10	12,61	602,70 €
63.	Actividades culturais e recreativas 2016. Magosto Popular	2	1,19	10	13,19	821,74 €
Vilar de Barrio		2	1,80	10	13,80	859,74 €
64.	Fomento da nosa música: gaita e percusión. Iniciación e perfeccionamento	2	1,80	10	13,80	859,74 €
Vilar de Santos		6	6,08	20	32,08	1.672,18 €
65.	Programa etnográfico do Museo da Limia 2016	3	1,87	10	14,87	600,00 €
66.	Programa cultural 2016 no concello de Vilar de Santos	3	4,21	10	17,21	1.072,18 €
Vilariño de Conso		32	12,37	56	100,37	6.253,05 €
67.	Escola de Gaitas	7	2,00	7	16,00	996,80 €
68.	Actividades Infantís e	2		7	9,50	

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

	Cabalgata Reis		0,50			591,85 €
69.	Pilates	2	1,60	7	10,60	660,38 €
70.	I Ruta Turística sobre rodas	2	0,66	7	9,66	601,82 €
71.	Verán dos Nenos II	2	1,17	7	10,17	633,59 €
72.	Actividades Extraescolares no Rural	2	1,09	7	10,09	628,61 €
73.	Entroido Tradicional en Vilariño de Conso	13	4,01	7	24,01	1.495,82 €
74.	Actividades deportivas	2	1,34	7	10,34	644,18 €
A Arnoia		9	2,68	5	16,68	1.039,16 €
75.	XXXVII Festa do Pemento de Arnoia	9	2,68	5	16,68	1.039,16 €
A Mezquita		2	2,62	7	11,62	723,93 €
76.	1ª Edición de Andainas para a conservación medioambiental das rutas do concello	2	2,62	7	11,62	723,93 €
A Rúa		43	8,42	34	85,42	5.321,67 €
77.	Magosto Popular	2	0,77	7	9,77	608,67 €
78.	Entroido 2016	8	1,01	7	16,01	997,42 €
79.	IX Festa do Codillo	12	2,66	10	24,66	1.536,32 €
80.	III Baco Festa	21	3,98	10	34,98	2.179,25 €
Baños de Molgas		11	6,88	14	31,88	1.986,12 €
81.	Ríos de vida	2	2,50	7	11,50	716,45 €
82.	Balneos Mollicas	9	4,38	7	20,38	1.269,67 €
Esgos		10	7,22	40	57,23	3.565,43 €
83.	Magosto	2	1,67	10	13,67	851,64 €
84.	Entroido	3	1,88	10	14,88	927,02 €
85.	XVIII Feira Agroambiental	2	1,60	10	13,60	847,28 €
86.	XXIV Festa do emigrante	3	2,08	10	15,08	939,48 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

Montederram o		22	8,21	7	37,21	2.318,18 €
87.	Festa da Carne	22	8,21	7	37,21	2.318,18 €
Muños		23	7,63	10	40,63	2.531,25 €
88.	Festa gastronómica do Galo Pica no chan e das sopas do burro canso	23	7,63	10	40,63	2.531,25 €
O Carballiño		23	0,91	10	33,91	2.112,59 €
89.	Xornadas de Cine e Vídeo en Galicia 2016 (Xociviga 2016)	23	0,91	10	33,91	2.112,59 €
O Pereiro de Aguiar		8	0,87	21	29,87	1.776,10 €
90.	I Ecomercado do Pereiro de Aguiar	2	0,13	7	9,13	484,00 €
91.	Actividades formativas, Obradoiro de estimulación cognitiva	3	0,53	7	10,53	656,02 €
92.	Concurso de tarxetas de nadal "Terras de Aguiar"	3	0,21	7	10,21	636,08 €
Oímbra		13	6,48	7	26,48	1.649,70 €
93.	XIX Feira do Pemento de Oímbra	13	6,48	7	26,48	1.649,70 €
Quintela de Leirado		6	7,54	21	34,54	2.151,84 €
94.	Edición do Libro de Poesía de Otilia Míguez Dávila	2	2,17	7	11,17	695,89 €
95.	Pool Party	2	2,41	7	11,41	710,84 €
96.	Festa do Neno	2	2,96	7	11,96	745,11 €
Total xeral		608	261,28	772	1641,33	99.868,32 €

7º) **Ampliar** o prazo de xustificación das subvencións concedidas ao abeiro deste concurso ata o 30 de novembro, debido á dilación na súa tramitación.

4.- RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DON JOSÉ LUIS GÓMEZ BARRIL, EN REPRESENTACIÓN DO CLUB OURENSE FÚTBOL SALA.- En data 30 de agosto de 2016, don José Luis Gómez Barril, en representación do Club Ourense Fútbol Sala, presentou, no Rexistro desta

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

Deputación, recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno, de data 5 de agosto de 2016, de resolución da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2016, ao estar desconforme coa contía que lle foi asignada, por importe de 2.046,77 € e, polo que solicita a revisión do seu expediente.

Unha vez revisado novamente o expediente do recorrente pola correspondente comisión avaliadora, esta reafírmase na correcta aplicación dos criterios de valoración establecidos na base novena da convocatoria e, en consecuencia, na asignación económica que lle foi concedida, así como nos motivos que serviron de base para desestimar as alegacións presentadas durante o trámite de audiencia do presente concurso e que son os seguintes:

- A pretensión de comparar os exercicios económicos do 2015 e 2016 no tocante á asignación de contías, resulta inapropiado, porque pode obterse a mesma puntuación na baremación dos dous exercicios e conseguir unha subvención diferente, todo isto motivado polo incremento dos clubs do grupo correspondente e a minoración do valor punto/euro no seu grupo. Nas convocatorias de concorrencia competitiva, como é o caso, un exercicio non pode ser comparable con outro.
- Como o propio solicitante indicou, soamente conta cun equipo de categoría xuvenil cando a temporada pasada contaba con dous, polo que a contía da subvención tense que ver necesariamente afectada.
- A documentación presentada no seu día foi bastante incompleta e dificultou claramente a baremación:
 1. Non achegou certificación federativa de licencias, que é un documento básico para asignación de puntos e a constatación da realidade deportiva dun club.
 2. Non achegou o correspondente anexo de gastos de quilometraxe, que constitúe un dos indicadores determinantes de gastos dun club.
 3. Os documentos indicados nos apartados anteriores forman parte da documentación valorable, non tendo, polo tanto, carácter emendable; non obstante, a Comisión de Valoración decidiu con carácter unánime, e

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

aplicable a todas as solicitudes, obter estes datos da restante documentación valorable presentada en tempo e forma, para evitarlles un grave prexuízo económico ás entidades solicitantes.

- Por último, rexeitouse o orzamento e liquidación económica presentados, por entender que non se corresponde nin cualitativa, nin cuantitativamente cun club de base.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Desestimar o recurso potestativo de reposición presentado por don José Luis Gómez Barril, en representación do Club Ourense Fútbol Sala contra o acordo da Xunta de Goberno, de data 5 de agosto de 2016, de resolución da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2016, ao estar correctamente valorada a solicitude presentada polo recorrente, confirmando a validez do dito acordo e, por conseguinte, manter a concesión dunha subvención por importe de 2.046,77 €.

5.- APROBACIÓN LISTA DE ADHESIÓN Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DO SERVIZO DE INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS PARA O PERÍODO 2016-2019.-

De acordo co establecido na cláusula 5ª, apartado 2, do Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais para o período 2016-2019, mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación aprobarase a lista de adhesións ó convenio marco, a medida que estas se vaian producindo, ordenando a súa publicación no BOP. Ó día da data consta a recepción no Rexistro de entrada da Deputación dos seguintes acordos de adhesión:

- Acordo do Pleno ordinario do Concello de Carballeda de Valdeorras do 30.08.2016, notificado a esta Deputación o 6.10.2016 (con entrada no Rexistro Xeral de documentos o 13.10.2016), no que delega o exercicio de todas as funcións que integran a Inspección tributaria e para a totalidade dos tributos municipais.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

- Acordo do Pleno extraordinario do Concello do Irixo do 31.08.2016, notificado a esta Deputación o 05.10.2016 (con entrada no Rexistro Xeral de documentos o 14.10.2016), no que delega o exercicio de todas as funcións que integran a Inspección tributaria e para a totalidade dos tributos municipais.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aproba-la lista de adhesións ó Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais para o período 2016-2019 ata o 19 de outubro de 2016, integrada polas seguintes:

- Acordo do Pleno ordinario do Concello de Carballeda de Valdeorras do 30.08.2016, notificado a esta Deputación o 6.10.2016 (con entrada no Rexistro Xeral de documentos o 13.10.2016), no que delega o exercicio de todas as funcións que integran a Inspección tributaria e para a totalidade dos tributos municipais.
- Acordo do Pleno extraordinario do Concello do Irixo do 31.08.2016, notificado a esta Deputación o 05.10.2016 (con entrada no Rexistro Xeral de documentos o 14.10.2016), no que delega o exercicio de todas as funcións que integran a Inspección tributaria e para a totalidade dos tributos municipais.

2º.- Ordena-la publicación desta lista de adhesións no BOP, para os efectos previstos no artigo 7.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL DA CASTAÑA.- Nas bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figura unha subvención nominativa a favor da Fundación Abelardo Gabriel, por importe de 10.000,00 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 48906-33420.

Con data 4 de abril de 2016, a Asociación Cultural da Castaña presenta un escrito no que comunica a non existencia da Fundación Abelardo Gabriel e que é a encargada da produción do Festival das Artes Escénicas de Ríos Abelardo Gabriel, polo que no Pleno, con data 29 de abril de 2016, se acordou aprobar o expediente n.º 3/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, quedando como beneficiario

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

de dita subvención a Asociación Cultural da Castaña, para gastos de funcionamento e mantemento, por importe de 10.000,00 euros.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Cultural da Castaña, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento e mantemento da entidade, correspondentes ao ano 2016.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2016.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE DISMINUÍDOS PSÍQUICOS DE VALDEORRAS (ASFAVAL).- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016,

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 924.12/789.01 unha subvención nominativa, por importe de 10.000,00 euros, a favor de Asociación de Disminuídos Psíquicos de Valdeorras (ASFAVAL), para a adquisición dun vehículo.

Unha vez vista a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación de Disminuídos Psíquicos de Valdeorras (ASFAVAL), nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 €.

-Obxecto: adquisición dun vehículo.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2016.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ESCUDERÍA OURENSE.- Por acordo da Xunta de Goberno, con data 6 de maio de 2016, concedéuselle á Escudería Ourense unha subvención nominativa para a celebración do Rally Ourense, por importe de 40.000,00 euros.

No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.07 unha subvención nominativa, complementaria da anterior, a favor da Escudería Ourense, por importe de 9.000,00 euros.

Unha vez que o beneficiario presentou a conta xustificativa do proxecto obxecto da subvención, informada favorablemente pola Sección de Subvencións, así como a fiscalización previa en sentido favorable realizada pola Intervención, cumprindo co previsto no artigo 15, apartado 2 da Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación (BOP n.º 185, do 13 de decembro de 2013), e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Escudería Ourense complementaria da concedida á dita entidade por acordo da Xunta de Goberno do día 6 de maio de 2016, para a mesma finalidade, nos seguintes termos:

-Importe: 9.000,00 euros.

-Obxecto: celebración do Rally Ourense 2016.

-Xustificación: declarar xustificadas ambas subvencións, e ordenar que se proceda ao pago de 49.000,00 euros, no prazo de 30 días naturais dende a data deste acordo.

9.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.09, a cantidade de 4.500,00 euros a favor da Federación Galega de Judo e Disciplinas Asociadas, para a promoción do judo, consistente na posta en marcha e cofinanciamento dunha escola provincial de base nesta modalidade deportiva.

Unha vez visto o convenio de colaboración entre a Federación Galega de Judo e Disciplinas Asociadas e a Deputación Provincial de Ourense, para a posta en marcha e cofinanciamento dunha escola provincial de base de judo, no que figura que esta Deputación

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

contribuirá cunha axuda, por importe de 3.000,00 euros, para o dito fin, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Ratificar o convenio de colaboración entre a Federación Galega de Judo e Disciplinas Asociadas e a Deputación Provincial de Ourense, firmado con data 1 de marzo de 2016, para posta en marcha e cofinanciamento dunha escola provincial de base de judo.

Segundo.- A subvención concedida, por importe de 3.000,00 euros, xustificarse coa presentación de conta xustificativa simplificada, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, tendo en conta o que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, todo isto de conformidade co estipulado no convenio de colaboración entre a Federación Galega de Judo e Disciplinas Asociadas e a Deputación Provincial de Ourense, firmado con data 1 de marzo de 2016.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerárase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Terceiro.- O prazo de xustificación é ata o día 30 de novembro de 2016

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN CARLOS CASARES.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.14 unha subvención nominativa, por

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

importe de 25.000,00 euros, a favor da Fundación Carlos Casares, para actividades da entidade correspondentes ao ano 2016.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Fundación Carlos Casares, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 €.

-Obxecto: actividades da entidade correspondentes ao ano 2016.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2016.

11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO BANDE.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 9.222,56 euros, a

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

favor do Concello de Bande, para mellora da infraestrutura da levada de auga de Sarreaus a Bande.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Bande, nos seguintes termos:

-Importe: 9.222,56 euros.

-Obxecto mellora da infraestrutura da levada de auga de Sarreaus a Bande.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto a actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2016.

12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS.-

No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 9.000,00 euros, a favor do Concello de Baños de Molgas.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Baños de Molgas, nos seguintes termos:

-Importe: 9.000,00 euros.

-Obxecto: adquisición dunha rozadora.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto a actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2016.

13.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS.-

No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

importe de 25.000,00 euros, a favor do Concello de Baños de Molgas, para mellora de instalacións deportivas.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Baños de Molgas, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 euros.

-Obxecto: mellora de instalacións deportivas.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos,:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

14.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BEADE.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

24.441,20 euros, a favor do Concello de Beade, para instalación maquinaria de elevador na Casa do Concello de Beade.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Beade, nos seguintes termos:

-Importe: 24.441,20 euros.

-Obxecto: instalación maquinaria de elevador na Casa do Concello de Beade.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto á actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

15.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CARBALLEDA DE

AVIA.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa,

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

por importe de 10.000,00 euros, a favor do Concello de Carballeda de Avia, para reparación de danos ocasionados pola electricidade atmosférica na instalación da iluminación pública de Vilar de Condes e Muimenta.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Carballeda de Avia, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 euros.

-Obxecto: reparación de danos ocasionados pola electricidade atmosférica na instalación da iluminación pública de Vilar de Condes e Muimenta.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2016.

16.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CARTELLE.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 6.000,00 euros, a favor do Concello de Cartelle, para equipamento do Auditorio Municipal.

Unha vez vista a solicitude formulada pola alcaldesa do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Cartelle, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 euros.

-Obxecto: equipamento do Auditorio Municipal.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2016.

17.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CASTRELO DO VAL.-

No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2016

con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 17.900,00 euros, a favor do Concello de Castrelo do Val, para a adaptación dos velorios de Piornedo, Fontefría, Monteveloso e Veiga de Nostre.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Castrelo do Val, nos seguintes termos:

-Importe: 17.900,00 euros.

-Obxecto: adaptación dos velorios de Piornedo, Fontefría, Monteveloso e Veiga de Nostre.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
